



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN DE ACCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA

Promotor e órgano substantivo: Axencia Galega de Infraestruturas – Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Expediente: 2021AAE2640

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O 08.11.2018 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o vixente Plan de acción contra a contaminación acústica xerada polas infraestruturas viarias (DOG nº 235, 11.12.2018), en cumprimento do disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, que traspón a Directiva 2002/49/CE sobre avaliación e xestión do ruído ambiental. Dito plan foi sometido ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 23.09.2021 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixes viarios da Rede Autonómica de estradas de Galicia correspondentes á terceira fase de aplicación da Directiva 2002/49/CE (DOG núm. 147, do 07.10.2021).
- 3 O 17.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito da Axencia Galega de Infraestruturas no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
- 4 O 21.12.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental de plans e programas.
- 2 O artigo 6.2.c) da Lei 21/2013 determina que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos necesarios para ser sometidos ao procedemento ordinario.
- 3 O artigo 30.1 da Lei 21/2013 sinala que, con carácter previo á elaboración do informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan

Obxecto: segundo recolle o borrador do plan, a finalidade do plan é *a partir da información proporcionada polos mapas de ruído, realizar unha diagnose da situación actual e determinar as accións prioritarias a realizar no caso de superación dos valores límite de emisión ou inmisión ou de incumprimento dos obxectivos de calidade acústica.*

Ámbito: tramos dos grandes eixos viarios da Rede Autonómica de Estradas de Galicia cun tráfico superior aos 3 millóns de circulacións anuais, recollidos nos mapas estratéxicos de ruído aprobados pola AXI para a terceira fase da aplicación da Directiva 2002/49/CE.


O plan de acción considera as 85 Unidades de Mapa Estratéxico (UME) delimitadas nos citados mapas, das cales 34 localízanse na provincia da Coruña (258,58 km), 7 na provincia de Lugo (12,69 km), 6 na provincia de Ourense (21,07 km) e 38 na provincia de Pontevedra (262,36 km).

Respecto ao plan vixente, a proposta actual exclúe varias UME (das estradas AC-162, AC-215, OU-105 e PO-529), modifica outras -considerando novos tramos- e recoñece 27 novas.

Na seguinte táboa recóllese o listado de tramos viarios incluídos nas UME por provincia:

Provincia	UME
A Coruña	AG-11, AG-55, AG-56, AG-59, AG-64 CG-1.5 VG-1.2 AC-115, AC-133, AC-164, AC-174, AC-183, AC-211_1, AC-211_2, AC-305_1, AC-305_2, AC-415, AC-418, AC-523, AC-543, AC-544, AC-550_1, AC-550_2, AC-550_3, AC-551, AC-552_1, AC-552_2, AC-552_3, AC-566, AC-840, AC-841_1, AC-841_2, AC-861, AC-862
Lugo	LU-021, LU-530, LU-539, LU-662, LU-664, LU-862, LU-933
Ourense	AG-53, OU-100, OU-525, OU-536, OU-538, OU-540
Pontevedra	AG-41, AG-46, AG-57, CG-4.1 VG-4.1, VG-4.2, V.G-4.3, V.G-4-4 PO-225, PO-300, PO-307, PO-308, PO-316, PO-324, PO-325, PO-331, PO-340_1, PO-340_2, PO-403, PO-504, PO-510_1, PO-510_2, PO-511, PO-530, PO-531, PO-542, PO-548_1, PO-548_2, PO-549, PO-550_1, PO-550_2, PO-551_1, PO-551_2, PO-552_1, PO-552_2, PO-552_3, PO-552_4, PO-841





Ámbito do plan de acción. Unidades de mapa estratéxico (UME)

Alternativas: No documento ambiental considéranse só dúas alternativas: a alternativa cero, que sería dar continuidade á situación actual, e a alternativa 1, executar as actuacións propostas no plan.

Desbótase a alternativa cero argumentando que manter a situación actual suporía incumprir a lexislación en materia de ruído, que exige elaborar e aprobaresto plan (artigo 22 da Lei 37/2003). Ademais, á vista do diagnóstico realizado, tamén se incumprirían os obxectivos de calidade acústica (OCA) en determinadas zonas.

Elíxese a alternativa 1 porque, ademais de *cumprir coa normativa sectorial, establece actuacións que eviten e corrixan as zonas de conflito e prioridades na adopción de medidas de mellora na redución do ruído ambiental, da forma máis efectiva e eficiente posible.*

Proposta:

O borrador do plan inclúe un resumo da información dos mapas de ruído elaborados, que inclúen datos superficie, poboación afectada, vivendas e edificios sensibles (sanitarios e docentes) por distintos niveis de Lden a nivel de UME e agrupados por provincias.

Os obxectivos de calidade acústica a cumprir no espazo exterior baséanse na zonificación-acústica do solo, é dicir, na delimitación dos distintos tipos de áreas acústicas que responden ao uso predominante do solo. Os instrumentos de de planeamento urbanístico, tanto xeral como de desenvolvemento, deben incorporar a zonificación acústica do territorio.





No ámbito de actuación do plan só os seguintes concellos teñen aprobada definitivamente unha zonificación acústica do territorio municipal: Coruña, Carballo, Coristanco, Sada, A Estrada, Bueu, Marín e Mos. No resto dos concellos realizouse unha zonificación acústica atendendo á clasificación do solo nos instrumentos de planeamento vixentes e aos criterios recollidos no anexo V do Real decreto 1367/2007 para determinar a inclusión dun sector do territorio nun tipo de área acústica. Nos concellos que carecen de planeamento consideráronse unicamente as delimitacións de solo de núcleo rural aprobadas e aqueles terreos que puideran merecer a condición de solo urbano consolidado¹.

O borrador establece actuacións a desenvolver no ámbito do plan para os próximos 5 anos. Ademais das actuacións correctivas, cuxa finalidade é reducir os niveis de ruído nos tramos onde se incumpren os obxectivos de calidade acústica (OCA), incorpóranse outras liñas de actuación que teñen como obxectivo a xestión eficaz do ruído xerado polas estradas. Así establécense catro tipos de actuacións:

Establécense catro tipos de actuacións:

- Actuacións preventivas para evitar o empeoramento das situacións que na actualidade xa exceden os obxectivos de calidade acústica (OCA) e evitar a aparición de novas situacións conflitivas. Inclúen: obriga de realizar un estudo de impacto acústico nos proxectos de estradas que deban someterse a avaliación de impacto ambiental; aprobación, xestión e actualización das zonas de servidume acústica; formación específica aos técnicos da AXI en xestión de contaminación acústica.
- Actuacións de xestión, que se agrupan en:
 - Actuacións de xestión interna (implican a distintas áreas dunha mesma organización na xestión do ruído): difusión dos mapas de ruído e plans de acción; obtención de datos dos diferentes tipos de vehículos da Rede Autonómica de Estradas; estudos da influencia do ruído no pavimento; creación dunha base de datos con información sobre o pavimento das estradas; incorporación da variable acústica nos programas de conservación, seguridade viaria e sinalización.
 - Actuacións de xestión con outras administracións: colaboración na elaboración dos plans zonais das zonas de protección acústica especial que declaren os concellos e colaboración con outras Administracións xestoras de focos de ruído para reducir os seus niveis en zonas concretas.
- Actuacións correctivas: consisten nas medidas a aplicar pola AXI nos tramos nos que se incumpren os OCA, pero dado que os recursos son limitados, establécense unhas prioridades de actuación atendendo á poboación afectada e o grao de afección. Entre as posibles medidas a adoptar inclúense:
 - Medidas no foco emisor: redución da densidade do tráfico (circunvalacións, by-pass); redución da porcentaxe de vehículos pesados (rutas apropiadas e restricións por horas); redución da velocidade (límites, RADAR, designación de tráfico repousado); axudas dirixidas á renovación do parque automobilístico (vehículos de baixo ruído, vehículos eléctricos) e cambios no pavimento (mantemento e uso de asfaltos porosos).

¹ En Gondomar considerouse só o solo urbano consolidado do borrador de PXOM sometido a avaliación ambiental no ano 2020.





- Medidas de propagación: diques de terra, pantallas acústicas, elementos difractivos e absorbentes sobre pantallas, túneles e falsos túneles.
- Medidas no receptor: mellora do illamento da fachada (cambio de fiestras).
- Actuación de divulgación e educación: publicación dos mapas de ruído e plans de acción na web da Xunta e difusión das actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia en materia de contaminación acústica.

No borrador do plan non se concretan as actuacións que está previsto executar nin o investimento asociado. Se ben, aclárase no documento ambiental estratéxico (apartado 4) que unha vez finalizados os traballos de redacción do plan contarase cun documento que permitirá establecer as actuacións previstas polas autoridades competentes para os vindeiros cinco anos, e que nas sucesivas etapas de desenvolvemento do plan iranse abordando estas actuacións de acordo coas asignacións orzamentarias dispoñibles.

Ademais, o borrador establece unha serie de obxectivos estratéxicos a alcanzar a longo prazo no marco da xestión da contaminación acústica, que son:

- Potenciar a colaboración e coordinación coas diferentes administracións implicadas;
- Reducir a contaminación acústica progresivamente;
- Promover a concienciación e educación da cidadanía;
- Fomentar o uso de medios de transporte sostibles (non motorizados e colectivo).

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O plan de acción afecta a determinados tramos das estradas autonómicas que soportan un tráfico superior aos 3 millóns de circulacións anuais (unidades de mapa estratéxico, UME).

Estes tramos dispoñen de mapas estratéxicos de ruído aprobados pola AXI na terceira fase de planificación (2021) e concéntranse nos accesos ás sete cidades galegas e aos principais núcleos das Rías Baixas. A súa lonxitude varía, existindo UMEs de escasos quilómetros na contorna das cidades e tramos moito máis longos entre determinadas vilas e núcleos de poboación.

Os tramos insírense sobre terreos cuxas características físicas e naturais foron modificadas para a construción da estrada e, debido a que discorren en gran medida por solo urbano, de núcleo rural e zonas urbanizadas, a súa contorna presenta en xeral un alto grao de antropización e ocupación nas súas marxes, con edificacións destinadas a vivenda, actividades económicas diversas e equipamentos dotacionais.

Varias UME delimitadas sitúanse próximas a espazos naturais protexidos ou atravesan algúns deles, como a ZEC "Complexo Ons-O Grove" (ES1140004) e a ZEC "Betanzos-Mandeo" (ES1110007). Ninunha UME afecta directamente a áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo das paisaxes de Galicia, aínda que algúns tramos discorren polas inmediacións da AEIP_08_22 "Pego Negro", no concello de Gondomar, e da AEIP_07_23 "Baixo Umia-O Xirimabao", no concello da Estrada.

Os tramos obxecto do plan cruzan distintas canles da rede fluvial, solapando nalgúns casos coas zonas inundables delimitadas na cartografía oficial dos organismos de bacía, como a zona de fluxo preferente do río Anllóns-Carballo (ES014-ZFP-CO-10-01-04-01),





río Umia-Ribadumia (ES014-ZFP-PO-04-02-03-01) e do río Ulla-Río Sar (ES014-ZFP-CP-05-02-11-16).

Respecto do patrimonio cultural, ao longo do ámbito do plan existen innumerables bens arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos recollidos nos correspondentes inventarios e catálogos. Destacar que algúns dos tramos analizados coinciden coas trazas do Camiño de Santiago, como por exemplo o Camiño Inglés entre os concellos de Narón e Neda, o Camiño Francés ao seu paso polo sur da cidade de Lugo e o Camiño Portugués na súa chegada á Santiago.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Federación Galega de Municipios e Provincias		x

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consualos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse observacións relacionadas co plan formuladas polo Concello de Gondomar, o Concello de Moaña e un particular.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Indica a normativa autonómica vixente en materia urbanística e informa dos terreos que constitúen a categoría de solo rústico de protección de infraestruturas (artigo 34.c da LSG) e do seu réxime xurídico (artigos do 35 ao 40 da LSG e os concordantes no seu regulamento).

Instituto de Estudos do Territorio:

Considera que o plan de acción terá efectos positivos da paisaxe posto que a súa finalidade é atenuar os efectos nocivos asociados ao ruído, se ben fai algunhas consideracións para a integración paisaxística de medidas correctoras que poden ter certa incidencia na paisaxe, como os movementos de terra, a instalación de pantallas acústicas e as revexetacións.

En todo caso deberán terse en conta as determinacións da normativa sectorial en materia de paisaxe (Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e o seu Regulamento, as Directrices de paisaxe e o Catálogo das paisaxes de Galicia).

Concello de Gondomar:

Considera que o novo plan limitase a incorporar algúns treitos novos de estradas. No seu contido bota en falta accións concretas, o prazo para súa a execución e o seu custo. Non contén información detallada das servidumes acústicas, dos criterios e dos





responsables da súa definición, así como tampouco das zonas de conflito ás que fai referencia o plan.

Destaca a problemática existente nas estradas AG-57 e PO-331 ao seu paso por Gondomar, propoñendo a instalación de pantallas acústicas en Vincios e Vilaza e a redución do prezo da AG-57 ou a creación dunha circunvalación gratuíta para aliviar o tráfico na PO-331 e na PO-340.

Solicita ampliar os estudos realizados na AG-57 ao seu paso polas parroquias de Donas e Borreiros, que deixan fóra determinada poboación afectada e estudar a contaminación por ruído en toda a PO-331.

Concello de Moaña e particular:

Solicitan que o plan de acción incorpore a VG-4.5 (vía de alta capacidade de acceso a Cangas), xa que o viaduto polo que transcorre proxecta ruído sobre zonas residenciais (O Casal, O Cruceiro, Tirán e Ameixoadá) e na súa contorna sitúanse dous colexios e está prevista a construción dun centro sanitario. Informan tamén de que recentemente solicitouse a instalación de barreiras acústicas neste tramo xunto con outros da AG-46 acompañando escritos de persoas veciñas que argumentan trastornos no descanso e na saúde.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Este plan encádrase na 3ª fase de aplicación da Directiva 2002/49/CE de ruído e con el preténdese determinar o tipo de medidas a executar nos próximos cinco anos para evitar e reducir os efectos negativos do ruído ambiental na contorna das estradas da rede autonómica de Galicia.

Deste xeito, coa aprobación do plan de acción darase cumprimento a unha esixencia que deriva da lexislación comunitaria e nacional vixente en materia de ruído. Asemade, o plan resulta pertinente para integrar nos futuros proxectos de infraestruturas viarias que se sometan a avaliación ambiental a consideración da contaminación acústica como variable ambiental.

O desenvolvemento do plan terá en xeral un efecto positivo na redución da contaminación acústica orixinada nas marxes das estradas autonómicas, que repercutirá favorablemente sobre a saúde e benestar da poboación próxima.

As actuacións preventivas, de xestión e divulgación previstas son medidas a aplicar no ámbito administrativo e de xestión que non inciden directamente sobre o medio. As medidas preventivas permitirán identificar os niveis de ruído en determinados ámbitos e promover unha ordenación compatible. As medidas de xestión permitirán un mellor coñecemento do ruído nas estradas e favorecerán a colaboración interadministrativa para a elaboración de plans adecuados e o establecemento de medidas eficaces.

Por outra banda, as medidas correctivas si actuarán directamente sobre o territorio, ben mitigando os niveis de ruído ambiental xerado e a súa propagación ou ben prevendo medidas de adaptación nos receptores. As propostas sobre o foco emisor resultan positivas en canto que a redución do tráfico e a súa velocidade así como a renovación do parque automobilístico por vehículos menos contaminantes poden contribuír tamén a minimizar os efectos do cambio climático. As medidas previstas no receptor, como o





cambio de fiestras, darán unha solución puntual e específica á problemática do ruído en edificacións diminuindo o ruído ao que están expostos os seus habitantes e/ou ocupantes.

As medidas correctivas de propagación como a execución de diques de terra e túneles ou a instalación de pantallas acústicas e elementos difractivos e absorbentes, aínda que se deseñan para minimizar o ruído, poden provocar un efecto paisaxístico non desexado na contorna na que se insiran. Deberán adoptarse medidas específicas para favorecer a súa integración paisaxística, tendo en conta a topografía dos terreos, a vexetación empregada, a cunca visual na que se localicen e os materiais empregados.

Por todo o comentado, non cabe esperar efectos ambientais adversos significativos como consecuencia do desenvolvemento do plan.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia", no entanto, establécense as seguintes determinacións en materia de paisaxe:

- Para as medidas de contención baseadas en barreiras ou pantallas acústicas, o plan preverá criterios de integración que busquen a integración de materiais, tipoloxías e cores coas predominantes na contorna. Así mesmo, no caso de que existan cuncas visuais de interese paisaxístico que poidan verse afectadas pola barreira, o plan deberá prever a necesidade dun estudo de visibilidade a partir do cal se elixa a posición, altura máxima ou grao de transparencia do elemento construtivo. Para os materiais que podan provocar brillos, adaptarse o deseño e posición para que non supoñan focos de atracción luminosa de maior interese paisaxístico. Asemade evitarse a implantación de pantallas transparentes polo risco de colisión que supoñen para as aves, a súa menor efectividade na redución do ruído e por xerar procesos de reflexión múltiple de son e da luz.
- Para o caso das actuacións que impliquen fortes movementos de terra (trincheiras e noiros), preveranse medidas de integración paisaxística que busquen a proporción de superficie e pendente máis acorde coa topografía da contorna na que se insiren e a minimizar o movemento de terras. Así mesmo deberían establecerse criterios para a revexetación das novas superficies, seleccionando de entre as especies autóctonas de cada ámbito de acción as que mellor se axusten ao obxectivo de dispersión e amortecemento do ruído.
- Nos proxectos de execución procurarase a utilización preferente de barreiras vexetais ou muros verdes fronte aos acabados inertes ou alteracións topográficas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan de acción contra a contaminación acústica da Rede Autonómica de Estradas de Galicia”, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos. Non obstante, para favorecer a integración ambiental do plan adoptaranse as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no Diario Oficial de Galicia e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase á Axencia Galega de Infraestruturas xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan especial (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

